




Memoria de actividade

Nodo Galego de Ciberseguridade
CIBER.gal

Decembro 2022



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE

01

Páx. 03

Carta do Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

02

Páx. 06

Contexto

03

Páxs. 08 a 18

O Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal


I. Ecosistema xerado na
contorna de CIBER.gal

II. Actividade desenvolvida no
marco de CIBER.gal

III. Resumo en cifras



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE



01

Carta do Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

Decembro de 2022

Axentes vinculados ao Ecosistema de Ciberseguridade do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

Estimados e estimadas,

Adxunto preséntase a memoria de actividade do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal dende a súa constitución.

Ao longo destes dous anos, as actividades e iniciativas desenvolvidas no marco de CIBER.gal tiveron un fin común: concienciar, capacitar e formar a toda a sociedade de Galicia para axudarlles a facer fronte ás crecentes ciberameazas do mundo dixital. O Nodo CIBER.gal aglutinou, dinamizou e coordinou forzas e recursos dos seus axentes vinculados para contribuír a unha contorna dixital segura para toda Galicia.

Dende a cidadanía en xeral, as familias, os menores e adolescentes, o público máis *senior*, ata os profesionais e directivos do tecido empresarial e a Administración Pública foron colectivos destinatarios e beneficiarios das iniciativas do Nodo CIBER.gal.

**“Agradecer, en nome do Nodo, a vontade de
cooperación de todos os axentes integrantes deste
espazo de colaboración público-privado en materia de
ciberseguridade, pioneiro en España”.**


Gustaríame destacar a implicación dos seus membros fundadores, plenamente comprometidos co fin perseguido, e por suposto mencionar a todas as entidades colaboradoras, organizacións públicas e privadas que se foron adherindo a esta iniciativa e que, grazas á súa disposición e compromiso por garantir a seguridade da información en Galicia fan posible a execución das iniciativas do Nodo Galego de Ciberseguridade.



Julián Cerviño Iglesia

Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



02

Contexto

Contexto

Nos últimos anos, o mundo enteiro atópase inmerso **nunha nova era dixital**. A dixitalización **brinda enormes oportunidades** e ofrece solucións a moito dos desafíos aos que se enfronta a sociedade pero, a súa vez, **favorece o incremento dos ciberataques e da ciberdelincuencia**, así como da súa sofisticación. Neste sentido, todos os **axentes da sociedade**, cidadanía, Administración Pública e empresas, **precisan desenvolver as capacidades necesarias para facer un uso seguro do entorno dixital**.


En **Europa**, a evolución dos ciberataques e a ciberdelincuencia veu en aumento nos últimos anos. De 2019 a 2020, producíronse máis do dobre de ataques significativos e maliciosos contra sectores críticos e de 2020 a 2021 rexistrouse un incremento do 68% no volume de ataques semanais no continente.

En **España**, segundo datos oficiais, de 2019 a 2020 houbo un incremento do 31,9% de feitos coñecidos de delitos de ciberseguridade. A súa vez, en 2021 os ciberataques no país sufriron un aumento do 125% respecto do 2020. Ademais, a inicios do 2020 tamén chegaba a pandemia COVID-19, provocando o alcance dun novo **récord en ciberataques en todo o territorio**.

En **Galicia**, en liña co panorama europeo e nacional, as fontes oficiais rexistraron un **aumento de ciberataques en cada un dos últimos anos**. O número de **ciberdelitos rexistrados no ano 2019 supuxo un incremento do 39,06%** fronte ao 2018. **No 2020** a comunidade galega ocupaba o **sétimo posto** do ranking de Comunidades Autónomas con **maior número de ciberdelitos**, acadando, en 2021, o quinto.

É por elo que, sendo conscientes do panorama europeo, nacional e autonómico da ciberseguridade e as súas tendencias, a Xunta de Galicia elabora a finais de 2019 un estudo a través da **consulta ás principais entidades demandantes de produtos e servizos en materia de ciberseguridade** (Sector Público, Sector Privado e Cidadanía) na Comunidade. Do mesmo, extráese unha das conclusións máis relevantes: a **necesidade de crear unha estrutura de coordinación e apoio á Ciberseguridade en Galicia**, onde todos os axentes involucrados (públicos e privados) colaboran na mellora deste ecosistema.

Por todo isto, a Xunta de Galicia, a través da **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, **decide promover a creación do Nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal**, estrutura de colaboración público-privado en materia da seguridade da información.



03

**O Nodo Galego de
Ciberseguridade
CIBER.gal**


O Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

I. Ecosistema xerado na contorna de CIBER.gal

A proposta de creación do **Nodo CIBER.gal** deriva da **iniciativa da Xunta de Galicia**, coñecedora da necesidade de **xuntar as forzas e recursos de organismos referentes** na materia para acadar un entorno dixital seguro en Galicia.

Así, en **xullo do 2020 constitúese o Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal** cunha **misión** clara, facer fronte á crecente ameaza que supoñen os ciberataques, aproveitar as oportunidades que presenta a nova era dixital y apoiar a industria galega de ciberseguridade.

O **obxectivo común** do nodo é favorecer un entorno dixital seguro e afrontar, de forma colaborativa, os retos aos que se enfronta a sociedade para protexer os seus activos no ciberespazo. Ademais, fundaméntase nos seguintes **obxectivos estratéxicos**:



O **núcleo fundador de CIBER.gal** engloba a institucións referentes en materia de ciberseguridade nacionais e autonómicas, así como outras institucións públicas galegas:



En liña coa súa misión, o nodo naceu coa **vontade de aglutinar nun mesmo espazo a axentes do ámbito público e privado, permitindo o establecemento de sinerxias e colaboracións.**

Dende a súa constitución, xerouse en torno a CIBER.gal un robusto ecosistema que aglutina a axentes de todos os ámbitos e sectores. Actualmente, este espazo de cooperación conta con **máis de 55 entidades**, enriquecendo así, dunha forma notoria, o **ecosistema galego de ciberseguridade**:

Organismos referentes en ciberseguridade



II. Actividade desenvolvida no marco de CIBER.gal

Dende a súa constitución, no contexto do Nodo Galego de Ciberseguridade deseñáronse e executáronse iniciativas aliñadas cos fins estratéxicos de CIBER.gal e destinadas aos seus colectivos obxectivo: a **Cidadanía**, o **Tecido Empresarial**, e a **Administración Pública**.

Todas elas pivotan fundamentalmente sobre a **concienciación**, **capacitación** e **formación**, aínda que tamén é destacable a labor de **difusión**, contribución ao **fomento do talento**, a **facilitación de servizos de ciberseguridade** e o **impulso á industria deste sector**.



A continuación recóllese toda a actividade deseñada e executada no marco do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, según o fin principal polo que se realizaron. A súa vez, identifícanse nas mesmas os colectivos aos que se dirixiron:



Cidadanía



Tecido Empresarial



Administración Pública

Concienciación, capacitación e formación

Concienciación ás Administracións Locais

Febreiro 2021



En colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), o Nodo CIBER.gal **informa** dende febreiro de 2021 a todos os **concellos de Galicia** sobre a **obriga de remitir información relativa á seguridade dos seus sistemas informáticos** a través da ferramenta **INES**.

Curso de Seguridade das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions

Abril 2021



Cunha duración de 100 horas de formación, impartiuse un curso para que o persoal da Xunta de Galicia coñeza as **ameazas e riscos para a seguridade da información**, así como as **obrigas establecidas** pola normativa vixente en materia de **protección de datos** e os dereitos recoñecidos á cidadanía.

Posta en marcha do grupo de traballo de empresas

Abril 2021



Cada un dos colectivos obxectivo do Nodo conta cun **grupo de traballo específico** que identifica as súas necesidades e diseña iniciativas que lles den resposta.

En abril de 2021 pónse en marcha o **grupo de traballo das empresas**, sendo liderado pola Amtega, participando o INCIBE, as catro Deputacións Provinciais, a FEGAMP e máis de 20 empresas adheridas ao nodo.

Grazas á colaboración dos axentes implicados, o grupo de traballo desenvolveu case **unha vintena de actividades de formación e capacitación**.

+500

Profesionais inscritos

+300

Profesionais beneficiarios

8,8/10

Grao de satisfacción xeral

8,24/10

Incremento do coñecemento

As temáticas de cada unha das actividades e os sectores de procedencia dos asistentes contaron cunha ampla variedade

Seminarios técnicos a docentes e alumnado

2021



A Amtega, no marco do Nodo CIBER.gal, impartiu dende Maio de 2021 seminarios técnicos para dar a coñecer, a alumnado e docentes de formación profesional superior da rama de informática e comunicacións, **o funcionamento da xestión da ciberseguridade e as plataformas e ferramentas asociadas nunha gran organización como a Xunta de Galicia**.

Curso Superior en Ciberseguridade

Outubro 2021



A Amtega, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), lanzou o Curso Superior de Ciberseguridade, co fin de **dotar aos profesionais da administración de boas prácticas para prever e detectar contratempos no emprego das tecnoloxías**, dar a coñecer as políticas de seguridade no uso de medios electrónicos recollidas no Esquema Nacional de Seguridade e proporcionar unha visión global da seguridade dos sistemas de información.

Na súa primeira edición de outubro de 2021 **a solicitude de prazas duplicou ás ofertadas**. Na súa **segunda edición** de setembro de 2022, **chegou a triplicarse**.

Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

Novembro 2021



No marco das iniciativas do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, nace no ano 2021 o encontro galego de ciberseguridade, o Encontro CIBER.gal, a **xuntanza de referencia en Galicia no eido da ciberseguridade**.

Este proxecto é **promovido pola Amtega**, e é posible grazas á colaboración do **Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG)**, e a todas as entidades que apoian a súa celebración.

As cifras acadadas en cada unha das súas edicións mostran unha tendencia favorable na súa consolidación:

2021	+35 Entidades participantes	+900 Asistentes presenciais e online	+20 Actividades	+2.100 Alumnos participantes
2022	+40 Entidades participantes	+1.900 Inscripcións	+30 Actividades	+4.200 Alumnos participantes

Concurso Ciberseguridade no cole!

Novembro 2021



No marco do Encontro CIBER.gal, o Nodo apoia a Telefónica na organización e difusión do Concurso Ciberseguridade no Cole!

O obxectivo do mesmo é **fomentar a concienciación en materia de Ciberseguridade no ámbito escolar e facilitar ferramentas para facer fronte aos riscos que entraña o uso dos medios dixitais**. Iniciativa con xa dúas edicións e que co transcurso da súa celebración se percibe unha tendencia favorable nas cifras de participación:

2021	+70 Equipos participantes	2021	+2.000 Participantes no concurso	2022	+150 Equipos participantes	2022	+4.000 Participantes no concurso
------	-------------------------------------	------	--	------	--------------------------------------	------	--

Obradoiro de detección, identificación e análise de ameazas

Novembro 2021



No marco do Encontro CIBER.gal, o Nodo apoiou á Cátedra R en Ciberseguridade na organización e difusión do obradoiro de detección, identificación e análise de ameazas en redes e aplicacións, que contaba co obxectivo de **revisar as principais ameazas de malware (malicious software) existentes, e a forma de prevelas, identificalas e neutralizalas**.

Formación en ciberseguridade ás forzas e corpos de seguridade de Galicia

Xuño 2022



O Nodo, a través da Amtega, traballa dende xuño de 2022 en definir, en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, actividades de **formación en ciberseguridade para a investigación en cibercriminos** orientado ás distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como dos demais profesionais que traballan na seguridade pública dentro da comunidade autónoma (UPA, Garda Civil e Policía Nacional) e dos diferentes roles da Administración de Xustiza.

Curso Superior en protección de datos

Setembro 2022



A Amtega, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e coa participación da Axencia Española de Protección de Datos, lanzou esta iniciativa co fin de **dotar de coñecementos e boas prácticas para dar cumprimento aos principios e deberes establecidos pola normativa vixente, respectar os dereitos das persoas e xestionar adecuadamente posibles incidencias**. Na súa primeira edición **a solicitude de prazas case triplicou as ofertadas**.

#CiberEsther

Outubro 2022



O Nodo CIBER.gal, en colaboración coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, lanza a iniciativa #CiberEsther, unha **campaña de sensibilización e capacitación sobre o uso seguro de novas tecnoloxías** enmarcada no programa #DigochoEU.

Cada domingo, o programa DigochoEU publica un novo vídeo relacionado coa seguridade na nova era dixital.

Campaña de sensibilización en ciberseguridade

Novembro 2022



O Nodo CIBER.gal, a través da Amtega, diseña unha campaña de sensibilización en ciberseguridade destinada a toda a sociedade de Galicia co obxectivo de **concienciar sobre a importancia da ciberseguridade no día a día**.



Ademais, persecue trasladar coñecementos básicos de ciberseguridade para xerar cultura de seguridade dixital, mellorar as capacidades no uso da tecnoloxía dixital e xerar alerta das ciberameazas existentes.

Escape Room Virtual de ciberseguridade

Novembro 2022



O Nodo CIBER.gal, no marco do **II Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, grazas á colaboración da **Deputación de Ourense**, organizou este concurso co obxectivo de formar no **bo uso e correcta xestión dos datos**, xerando unha **cultura de privacidade** no participante.

Obradoiro de análise forense de imaxes

Novembro 2022



A Cátedra R en Ciberseguridade, no marco do **II Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, organizou este obradoiro para **estudantes** con estudos **afíns ás tecnoloxías da información e as comunicacións**, onde aprenderon a realizar e detectar diferentes tipos de **manipulacións en imaxes**, así como a realidade da **análise forense de imaxes**.

Obradoiro "Intrusión nun entorno de Directorio Activo e análise forense de dito ataque"

Novembro 2022



O Nodo CIBER.gal, no marco do **II Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, organiza este taller onde se mostraron algunhas **técnicas de intrusión e elevación de privilexios** nun entorno de **Directorio Activo**, ademais de realizarse unha **análise forense dos equipos comprometidos** para atopar as evidencias que o ataque puido deixar.

Obradoiro "Wireshark/tshark" e "Threat Hunting"

Novembro 2022



O Nodo CIBER.gal, no marco do **II Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, organiza este obradoiro no cal se traballaron as diferentes **funcionalidades** ofertadas por **Wireshark** para realizar **investigacións forenses/threat hunting en rede**.

#Conecta Senior

Novembro 2022



O Nodo CIBER.gal, no marco do **II Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, co-organiza esta iniciativa destinada ao **colectivo senior**, co obxectivo de **empoderarlo no emprego da tecnoloxía** e capacitalo para evitar que se conviryan en cibervíctimas.

Difusión, posta a disposición de información, e colaboracións en iniciativas de referencia

Encontro da Voz da Industria Galega - CCI

Setembro 2020



O Nodo CIBER.gal participou neste encontro organizado polo Centro de Ciberseguridade Industrial (CCI), manifestando o **papel relevante da Administración Pública para a promoción e desenvolvemento da ciberseguridade industrial en Galicia** e dando a coñecer as iniciativas que se desenvolveron dende o Nodo para mellorar as capacidades da industria galega neste ámbito.

Xornadas CyberSec@gal 2020

Novembro 2020



O Nodo CIBER.gal participou nestas xornadas organizadas pola Cátedra R en Ciberseguridade, onde **deu a coñecer as accións de carácter formativo desenvolvidas** para atender á situación derivada da crise da COVID-19, orientadas a **mellorar as capacidades no ámbito da ciberseguridade** no teletraballo, tanto dos profesionais como das empresas.

XIV Xornadas STIC CCN-CERT

Novembro 2020



O Nodo CIBER.gal participou nestas xornadas organizadas polo Centro Criptolóxico Nacional, expoñendo **a recente creación da súa estrutura, os seus obxectivos xerais e estratéxicos, os seus membros fundadores, as liñas mestras e actuacións previstas no marco da súa constitución.**

Adhesión a ISM Forum

Abril 2021



A Amtega, no contexto do Nodo CIBER.gal, **adheriuse á Asociación Española para o Fomento da Seguridade da Información, ISMS Forum**, cuxo **principal obxectivo** é promover o desenvolvemento, coñecemento e cultura da Seguridade da Información en España e actuar en beneficio de toda a comunidade implicada no sector.

Cybersecurity Atlas

Abril 2021



A Amtega, no contexto do Nodo CIBER.gal, solicitou a súa **adhesión a esta plataforma de xestión do coñecemento en ciberseguridade** para mapear, categorizar e estimular a **colaboración entre expertos europeos en ciberseguridade en apoio da Estratexia Dixital da UE.**

Contribución a enquisas de organismos oficiais

Maio 2021



O Nodo CIBER.gal participou na **actualización de indicadores de ciberseguridade** incluídos na **enquisa ás empresas do sector TIC de Galicia** que realiza anualmente o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

II Foro Rexional de ISMS Forum Galicia

Xuño 2021



O Nodo CIBER.gal participou na II Edición do Foro Rexional de ISMS Forum Galicia, onde se presentaron os **servizos, accións e actividades a disposición das pemes galegas.**

Academia Hacker

Xullo 2021



O Nodo CIBER.gal **difundiou e promocionou entre o entorno educativo de Galicia** esta iniciativa do Instituto Nacional de Ciberseguridade co obxectivo de **fomentar a aprendizaxe en ciberseguridade e identificar, captar e promocionar o talento neste ámbito.**

Creación da web do Nodo CIBER.gal

Xullo 2021



Desenvolveuse un espazo web propio do Nodo CIBER.gal, no cal se pon á disposición dos usuarios, entre outras, **información actualizada, actividades, recursos e vías de formación no eido da ciberseguridade en Galicia.**

Evento Aniversario TEGRA Cybersecurity Center

Setembro 2021



O Nodo CIBER.gal participou no **evento "Galicia: un entorno cada día máis seguro a través da innovación"** organizado por Gradient e Telefónica no marco do aniversario do Centro de Ciberseguridade TEGRA, no que se fixo especial fincapé en **fomentar a innovación no ámbito da seguridade de a información.**

Xornadas "Espazos de Ciberseguridade"

Novembro 2021



Xornada "Industrialización 4.0"

Febreiro 2022



Xornada "Dereitos dos consumidores na era dixital"

Marzo 2022



Xornada "Mulleres e Ciberseguridade"

Marzo 2022



Xornada "Somos Cibernéticas"

Abril 2022



Encontro da Voz da Industria Galega

Xuño 2022



Xornada "Ciberseguridade e Ciberdefensa"

Xuño 2022



Xornadas formativas da Policía Nacional

Xuño 2022



Adhesión á Rede Nacional de SOC's

Setembro 2022



Evento Aniversario TEGRA Cybersecurity Center

Setembro 2022



Informe de ciberseguridade

Setembro 2022



O Nodo CIBER.gal difundiu entre o **entorno educativo de Galicia a existencia destas xornadas** do Instituto Nacional de Ciberseguridade de España, **animando a participar a este colectivo** na iniciativa.

O Nodo CIBER.gal participou nesta xornada organizada polo Clúster TIC que contaba co obxectivo de **sensibilizar ás empresas en materia de ciberseguridade**, especialmente no ámbito do sector industrial, con foco en como a dixitalización da industria debe ir da man de medidas de seguridade axeitadas.

A FEGAMP, en representación do Nodo, participou nesta actividade organizada pola Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas e Seguros de Galicia onde se debateu sobre **propostas, retos e necesidades de defensa dos consumidores ante o aceleramento causado pola pandemia na dixitalización**.

En representación do Nodo, a Amtega participou nesta xornada organizada pola Universidade de Vigo co obxectivo de **mostrar e reivindicar o papel da muller** en ámbitos tecnolóxicos: a automatización/robótica e **a ciberseguridade**.

No marco do Nodo, a Amtega organizou estas xornadas co obxectivo de **fomentar o incremento do talento feminino no mundo da ciberseguridade**, explorando as diferentes opcións formativas nesta materia para axudar así a reducir a disparidade de xénero neste sector.

O Nodo CIBER.gal participou no Encontro da Voz da Industria Galega "Ciberseguridade na dixitalización industrial e na cadea de subministro" organizado polo CCI, expoñendo **a contribución de CIBER.gal para o fortalecemento da ciberseguridade na empresa industrial galega**.

O Nodo CIBER.gal participou nesta xornada organizada pola Universidade de Santiago de Compostela, onde se presentou **a actividade de CIBER.gal dende a súa creación xunto cos proxectos de ciberseguridade da Xunta de Galicia**.

O Nodo CIBER.gal **impartiu unha charla expositiva** aos axentes da Policía Nacional vinculados á investigación da ciberdelincuencia, expoñendo que **accións executa no seu marco para reducir a mesma a través da concienciación e capacitación sobre as ciberameazas**.

O Centro de Resposta a Incidentes da Seguridade da Información de Galicia (CSIRT.gal), dependente da Amtega, converteuse na **sexta Comunidade Autónoma integrante da Rede Nacional de Centros de Operacións de Ciberseguridade (RNS)** impulsada polo Centro Criptolóxico Nacional (CCN).

O Nodo CIBER.gal participou no evento aniversario de TEGRA "Innovación e ciberseguridade para unha Galicia máis resiliente", onde expuxo **a evolución das iniciativas públicas de ciberseguridade en Galicia**.

O Nodo CIBER.gal, en colaboración co OSIMGA, traballou na elaboración dun informe sobre o **estado da ciberseguridade en Galicia**, no cal se realizou unha **recompilación, revisión e análise dos indicadores relativos á seguridade da información** dispoñibles en fontes de información oficiais que será publicado proximamente.

Fomento do talento

Cursos de Especialización en Ciberseguridade

Maio 2020



A Amtega, no marco do Nodo CIBER.gal, **apoiou a implantación e expansión** de dous Cursos de Especialización en Ciberseguridade: **Ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da información e Ciberseguridade en contornas das tecnoloxías de operación** na comunidade galega.

Concurso Capture The Flag

Novembro 2021



No marco do Encontro CIBER.gal, o nodo apoiou a Gradiant e á Cátedra R en Ciberseguridade na **organización e difusión do concurso Capture The Flag**, que ten por obxectivo que os participantes demostren as **súas habilidades e destrezas á hora de resolver retos no eido da seguridade**. Esta iniciativa desenvolveuse nas dúas edicións do Encontro CIBER.gal, acadando en ambas case a totalidade da demanda das prazas ofertadas.

Invitación Pública de INCIBE Cybercamp

Febreiro 2022



O Nodo CIBER.gal **difundiu, dinamizou e fomentou a participación das universidades galegas** na Invitación Pública de INCIBE relativa á organización de eventos Cybercamp nas Comunidades Autónomas, que ten como obxectivo **albergar unha das edicións deste evento de referencia en Galicia** e promover así a cultura e talento en ciberseguridade.

Programa #Include da Fundación GoodJob

Febreiro 2022



A Amtega, en representación do Nodo CIBER.gal, firmou un acordo de colaboración para apoiar a extensión do Programa Include a Galicia, co obxectivo de favorecer a **inclusión laboral de persoas galegas con discapacidade no ámbito da ciberseguridade**.

Modalidade dual nos Cursos de Especialización de Ciberseguridade

Abril 2022



O Nodo CIBER.gal difundiu entre os seus axentes adheridos a posibilidade de solicitar a modalidade dual nos **Cursos de Especialización en Ciberseguridade**, que combina a formación en centros de educación coa formación práctica remunerada nas empresas, **achegando así o talento á organización**.

Facilitación de servizos de ciberseguridade

Proxecto de servizos de ciberseguridade a entidades locais

Decembro 2021



En decembro de 2021, no contexto do **Acordo Marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais**, ponse en marcha un proxecto de **servizos específicos para as administracións locais e provinciais**. Entre as accións que abarca dito proxecto, atópanse:

- ✓ Monitorización do nivel de ciberseguridade para medir o risco
- ✓ Monitorización da superficie de exposición
- ✓ Xestión continua de vulnerabilidades e do pentesting
- ✓ Apoio especializado na resposta a incidentes en 24x7x365
- ✓ Ciberexercicios
- ✓ Revisións e auditorías técnicas de seguridade
- ✓ Revisión de normativas no ámbito do ENS, RGPD e ISO 27000

Ademais, creouse unha **Oficina Técnica de Seguridade** destinada á coordinación coas entidades locais e as Deputacións Provinciais para **dar soporte ao cumprimento do ENS e promover e apoiar a implantación de ferramentas do CCN**.

+18.000

Vulnerabilidades descubertas

120.000.000

De eventos recibidos ao día

+2.500

Ofensas xeradas

Acordo co CCI para o uso da súa plataforma RECI

Xuño 2022



O **Centro de Ciberseguridade Industrial**, como entidade adherida a CIBER.gal, pon a **disposición gratuíta** dos profesionais de entidades vinculadas a CIBER.gal **a plataforma RECI** para facilitar a **incorporación de requisitos de ciberseguridade en proxectos industriais**, tanto de automatización como de dixitalización.

Impulso á industria da ciberseguridade

Consulta pública ao mercado para o fortalecemento das capacidades de ciberseguridade

Novembro 2021



A Amtega, no marco do Nodo CIBER.gal participou na Consulta Pública ao Mercado de INCBE relativa ao **fortalecemento das capacidades de ciberseguridade das pemes e o impulso da Industria de ciberseguridade**.

Creación do Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia

Xuño 2022



A Xunta de Galicia apostou pola creación do Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia (CECIGA), para **fortalecer a resposta e a xestión dos ciberincidentes de Galicia**. Este centro apoiará a innovación no sector produtivo mediante o logro da **excelencia na investigación e o desenvolvemento de talento especializado en ciberseguridade**. O CECIGA será un **punto de encontro entre a innovación en ciberseguridade e as necesidades e retos da sociedade**.

Coa súa construción crearase un centro de demostración/laboratorio que busca atopar sinerxias entre a oferta do hipersector TIC galego e a demanda potencial das empresas deste campo.

Iniciativa RETECH


Outubro 2022



Galicia, a través da Amtega, concorreu recentemente á iniciativa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (RETECH) da man de Cataluña e a Comunidade Valenciana co obxectivo de despregar un conxunto de centros demostradores que funcionen de maneira coordinada como un único **Centro de Innovación e Competencia**. A proposta galega persegue a creación e posta en marcha dun **laboratorio de innovación en produtos e servizos de ciberseguridade enfocado ao sector do Smart Transportation**.

III. Resumo en cifras





ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE